



Día das Letras Galegas

17 de maio de 2018

*María Victoria
Moreno Márquez*



Naceu en Valencia de Alcántara (Cáceres) o 1 de maio de 1939, e faleceu en Pontevedra o 22 de novembro de 2005, aos 66 anos.

Cursou estudos de Bacharelato en Barcelona e licenciouse en Filloxía Románica na Universidade de Madrid.

Tras dous anos en Lugo, e unha tempada en Vilalonga (Sanxenxo), chegou a Pontevedra en con praza de profesora (despois catedrática), e deu clase no IES Valle-Inclán e no IES Gonzalo Torrente Ballester.

Participou activamente na vida cultural e política de Pontevedra e de Galicia. A súa fascinación dende moza por e a súa lingua provocaron nela unha entrega absoluta á defensa e promoción do galego.

Ademais de novelas e contos, escribiu obras de ensaio, colaborou en libros de texto e

A súa biblioteca personal, de 4500 volúmenes, incluídas varias edicións e uns 150 estudos de Don Quijote de la Mancha, foi doada ao IES Gonzalo Torrente Ballester.

Foi finalista do Premio Cafeé Gijón e 1º premio dos Jogos Florais Minho-Galaicos de Guimarães, 2º Premio do Concurso de contos infantís O Facho (1972), 1º Premio do Concurso de contos infantís do Facho (1975), 3º Premio O Barco de Vapor (1985) e figurou en 1990 na Lista de honor do IBBY.

Obra en galego:

No ámbito da literatura infantil-xuvenil, publicou: *Mar adiante* (1973), *A festa no faiado* (1983), *Leonardo e os fontaneiros* (1986), *Anagnórise* (1988), *O cataventos* (1989), *Verso e prosa* (1991), *¿Un cachiño de bica?* (1994), *¿E habrá tirón de orellas?* (1997), *A brétema* (1999), *Guedellas de seda e liño* (1999), *Eu conto, ti cantas* (2005).

No do ensaio, *As linguas de España* (1991) e *Diario da luz e a sombra* (2004).

En narrativa, *Querida avoa, Vigo* (1993); en poesía, *Elexías de luz* (2006); e traduciu a obra *Mecanoscrito da segunda orixe* (de Manuel de Pedrolo, orixinal en catalán) (1989). Tamén participou en moitos libros colectivos e revistas.

Obra en castelán:

Preparou a edición bilingüe *Os novísimos da poesía galega / Los novísimos de la poesía gallega* (1973), escribiu a novela *Alcores de Donalvar* (orixinal inédito en castelán, 1969, traducido ao galego por Xavier Senín co título *Onde o aire non era brisa* (2009), e realizou a tradución ao castelán de *El perro Rin y el lobo Crispín*, de Carlos Casares Mouriño (1986).

Programa

Praza Europa do Burgo

Feira de artesanía de
12:00 a 20:00

Participan 50 artesáns
de diferentes localidades



12:30 Actuacións
dos grupos folclóricos
Catalmibre
e Acoradoira

de 12:00 a 14:00 e
de 16:00 a 20:00
Obradoiros infantís de artesanía
e animación infantil

19:00 h.
Actuación do Mago Dani García
"Código"